

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE PIRAGÜISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DEPORTIVO DE ALTO RENDEMENTO DE CANOA NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA PARA A TEMPADA 2025-2026

Santiago de Compostela 08 maio 2026

INTERVEÑEN

D. Diego Calvo Pouso, nomeado conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e, no uso das competencias establecidas no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, Javier Hernanz Agüería, presidente da Real Federación Española de Piragüismo, en exercicio das facultades atribuídas para o efecto polos estatutos federativos.

EXPOÑEN

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes. Concretamente, segundo o disposto no artigo 5.1, da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, nos seus apartados m) e q), correspóndelle á Administración autonómica a regulación e fomento do deporte e aos deportistas de alto nivel de Galicia e establecer e, no seu caso, recoñecer os centros de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma.

Que a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, é titular do Centro Galego de Tecnificación Deportiva -en diante CGTD- clasificado polo Consello Superior de Deportes -en diante CSD- como centro de tecnificación, en virtude da Resolución do 27 de maio de 2014, da Dirección Xeral de Deportes, pola que se clasifican as instalacións e os programas deportivos para o desenvolvemento do deporte de alto nivel e de competición (BOE nº 137, do 6 de xuño).

- II. A Real Federación Española de Piragüismo é unha entidade de utilidade pública que goza de personalidade xurídica e capacidade de obrar propias para o cumprimento dos seus fins, que se rexe pola Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte. Ademais das súas competencias propias de goberno, administración, xestión, organización e regulamentación do piragüismo, exerce, entre outras, as funcións propias de carácter privado (art. 51.g) da



Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte) como as relativas a deseñar, elaborar e exercer, en colaboración, no seu caso, coas Federacións de ámbito autonómico, os plans de preparación dos atletas de alto nivel.

- III. Que no CGTD desenvólvense, de forma coordinada coas correspondentes federacións galegas, distintos programas deportivos de tecnificación e alto rendemento, entre os que se atopa o da modalidade deportiva de piragüismo, desenvolvidos en coordinación coa Federación Española de Piragüismo. A estes efectos, o 10 de abril de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Real Federación Española de Piragüismo para o desenvolvemento dun programa de alto rendemento no Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Entre os compromisos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes recollidos na súa cláusula terceira figuran a colaboración nos gastos derivados do aloxamento dos integrantes do programa de alto rendemento “Canoa” no período de xaneiro a agosto de 2025 e no custo laboral dun técnico adestrador do equipo de alto rendemento, designado pola RFEP durante o período de xaneiro a agosto 2025. Estes compromisos establécense que serán plasmados nun convenio específico no que se detallen as condicións concretas para a efectividade dos mesmos, podendo complementarse con outros gastos de natureza corrente asociados a este programa.

Os ditos compromisos substanciáronse a través do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Real Federación Española de Piragüismo para o desenvolvemento dun programa deportivo de alto rendemento de canoa no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, asinado o 14/08/2025. En virtude do devandito convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes concedeu unha subvención por importe de 32.000 euros á Real Federación Española de Piragüismo para colaborar nos gastos de natureza corrente asociados ao programa, do 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de agosto de 2025.

- IV. Que por Resolución do 6 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Deportes do Consello Superior de Deportes, pola que se clasifican novos centros e programas deportivos e regularízase a rede de centros estatal do ano 2025 (BOE nº 118, do 16 de maio), aprobouse a clasificación, entre outros, dos seguintes programas deportivos de Alto Rendemento (AR):
- Programa de Alto rendemento de Piragüismo-Sprint canoa masculino no CTD Galego de Pontevedra.
 - Programa de Alto rendemento de Piragüismo-Sprint canoa feminino no CTD Galego de Pontevedra.
- V. Que unha vez recoñecida a clasificación dos devanditos programas como programas de Alto Rendemento, é do interese da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e da Real Federación Española de Piragüismo manter a colaboración para o desenvolvemento do programa de Alto Rendemento na especialidade de Piragüismo Sprint Canoa masculino no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, para a tempada 2025-2026. Este programa está orientado á preparación para a participación en competicións internacionais, tanto campionatos de Europa como campionatos do mundo e á



preparación do equipo olímpico para a participación nas olimpíadas de Os Ánxeles 2028 nas devanditas modalidades, e actualmente está integrado por 10 deportistas dos que 7 son galegos. A finalidade deste convenio é determinar as condicións da colaboración para o desenvolvemento e boa consecución do devandito programa para este novo ciclo olímpico.

Para ese efecto, as partes subscriben o presente convenio de colaboración que se axustará ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre a Federación Española de Piragüismo e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, para o desenvolvemento do programa de Alto Rendemento na especialidade de Piragüismo Sprint Canoa masculino orientado á preparación para a participación en competicións internacionais, tanto campionatos de Europa como campionatos do mundo e á preparación do equipo olímpico para a participación nas olimpíadas de Os Ánxeles 2028 na devandita modalidade, no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (en diante CGTD), para a tempada 2025-2026.

Segunda. Compromisos da Real Federación Española de Piragüismo.

A Real Federación Española de Piragüismo comprométese a sufragar os gastos relativos ao aloxamento e manutención dos deportistas integrantes do equipo de Alto rendemento de Piragüismo-Sprint canoa masculino que non son bolseiros en réxime de residencia do CGTD, salario do adestrador, dos servizos complementarios de apoio aos deportistas, como poidan ser axudas ergoxénicas, nutricionista, psicólogo, fisiólogo, e os gastos correspondentes aos desprazamentos e estancias con motivo da asistencia ás competicións, das persoas deportistas que conforman o grupo de Alto rendemento de Piragüismo-Sprint canoa masculino. O orzamento de gastos do devandito programa de alto rendemento ascende na tempada 2025-2026, que abarca desde o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026, a 108.675,28 €.

Terceira. Compromisos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e financiamento

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, comprométese a colaborar nos gastos de natureza corrente en que incorre a Real Federación Española de Piragüismo entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026 para o desenvolvemento deste programa de alto rendemento, ata un máximo de cincuenta e dous mil euros (52.000 €), que supón unha porcentaxe do 47,85% do custo total do programa que se recolle no anexo. Para estes efectos considéranse gastos subvencionables os correspondentes ao aloxamento e manutención dos deportistas integrantes do equipo de Alto rendemento de Piragüismo-Sprint canoa masculino que non son bolseiros en réxime de residencia do CGTD, roupa (equipamento deportivo), salario do adestrador, e dos servizos



complementarios de apoio aos deportistas, como poidan ser axudas ergogénicas, nutricionista, psicólogo, fisiólogo, análise de datos de rendemento, das persoas deportistas que conforman o grupo de Alto rendemento de Piragüismo-Sprint canoa masculino.

Así mesmo, comprométese a facilitar á RFEP de forma gratuíta o uso das instalacións e servizos do CGTD e do centro de tecnificación de piragüismo Complexo náutico e Campo de regatas David Cal, situada en Pontillón do Castro-Verducido (Pontevedra), así como os medios de que dispón o mesmo a fin de facilitar o acceso e uso sen custo (salvo consumibles e servizos externos) das devanditas instalacións aos deportistas e técnicos do programa de alto rendemento Canoa, así como aos grupos e deportistas do equipo nacional convocados pola RFEP para a preparación de selectivos e competicións internacionais. As condicións de utilización destes instalacións e servizos serán establecidas e supervisadas pola dirección do CGTD e polo cesionario do centro David Cal, coa finalidade de garantir a compatibilidade cos programas de tecnificación e rendemento que se estean desenvolvendo en cada centro nas demais modalidades deportivas, e a súa adecuación ao establecido no regulamento de funcionamento de cada centro.

Cuarta.- Condicións económicas.

A colaboración da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, nos gastos recollidos na cláusula terceira financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.481.0, código de proxecto 2014 00066, do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2026, por un importe de cincuenta e dous mil euros (52.000€).

Os gastos subvencionables con cargo ao presente convenio serán os comprendidos no período que vai do 1 de setembro de 2025 ao 31 de agosto de 2026.

O financiamento por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes das actuacións obxecto do convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O abono da achega antedita realizarase na forma establecida na cláusula quinta.

Quinta. Forma de pago e xustificación do convenio

1. Antes de proceder á sinatura deste convenio, a Real Federación Española de Piragüismo deberá presentar:

- . Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- . Un certificado de non ter pendente de pago ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Axencia Tributaria de Galicia.
- . Un certificado de estar ao día das obrigacións tributarias, expedido pola AEAT.
- . Un certificado de estar ao corrente das obrigacións coa Seguridade Social, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor (Secretaría Xeral para o Deporte) para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Para estes efectos as consultas efectuaranse a través do procedemento PR954A.

A Real Federación Española de Piragüismo facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

2. A Real Federación Española de Piragüismo para recibir a achega económica en concepto de colaboración nos gastos de natureza corrente en que incorra asociados ao desenvolvemento do programa de Alto rendemento de Piragüismo-Sprint canoa masculino en cada anualidade, presentará electronicamente, dentro do período de vixencia deste convenio a seguinte documentación:

- Un certificado da Xerencia da Federación ou órgano que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade do gasto derivado da execución deste convenio, e de que este gasto foi destinado ás actividades obxecto deste convenio.
- Unha memoria das actuacións levadas a cabo durante o ano en curso en relación co equipo de Alto Rendemento na especialidade de Piragüismo Sprint Canoa masculino obxecto deste convenio, así como dos gastos de natureza corrente en que a Federación incorreu, correspondentes aos conceptos de gasto especificados na cláusula segunda deste convenio.
- Documentos xustificativos do gasto correspondente aos conceptos indicados anteriormente e dos pagos efectuados. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia determinado neste convenio.
- A acreditación do gasto relativo ás nóminas, ás cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2026 realizárase mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que respondan á natureza da actividade subvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables non será preciso a acreditación do pago previo por parte de beneficiario con anterioridade ao 31 de agosto de 2026. O beneficiario está obrigado a acreditar o efectivo pago dos devanditos gastos con anterioridade ao 15 de novembro do 2026.

3. Establécense os seguintes prazos máximos para a presentación da documentación xustificativa:

Anualidade 2025: No prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da sinatura do convenio.

Anualidade 2026: Ata o 15 de setembro de 2026.

De conformidade con estes prazos, efectuarase un primeiro pagamento en relación á contía xustificada correspondente ao ano 2025, e un pagamento final trala xustificación final.

4. A documentación indicada presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado, con código de procedemento PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada> e dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte. Este

formulario estará dispoñible para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dirixidos a calquera órgano, servizo ou unidade da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta. Comisión de seguimento.

A fin de procurar o desenvolvemento e seguimento deste convenio, constituirase unha comisión formada por catro membros, dous de cada unha das partes, que serán nomeados polas respectivas institucións asinantes do convenio. A presidencia a exercerá o Secretario Xeral para o Deporte, ou persoa en quen delegue, e a secretaria a persoa que ocupe a xefatura do Servizo de Fomento e Xestión Deportiva. En concreto, a comisión terá como finalidades:

- a. Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través de as correspondentes addendas.
- b. Promover as accións que permitan cumprir os obxectivos e condicións estipuladas nel, así como a interpretación das súas cláusulas.
- c. Avaliar o funcionamento do convenio de colaboración, elevando propostas para a súa mellora ou modificación.

A Comisión Técnica poderá contar co asesoramento de técnicos e especialistas para o mellor cumprimento das súas funcións.

A Comisión de Seguimento reunirse polo menos unha vez durante o período de vixencia do convenio, constando en acta as conclusións ou acordos alcanzados na mesma, ou cando se considere necesario a proposta de calquera das partes, e celebrará as súas reunións na Sede dunha das mesmas, ou polos medios telemáticos e/ou electrónicos oportunos que garantan o seu adecuado funcionamento. O presidente terá voto dirimente.

Sétima. Perda ao dereito de cobranza da subvención.

Producirase a perda do dereito da Federación Española de Piragüismo á cobranza da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigacións impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha de causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Oitava. Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Novena. Vixencia e causas de resolución.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 (sen prexuízo do establecido na cláusula terceira respecto aos gastos subvencionables), salvo denuncia de calquera das



partes.

O convenio quedará extinguido cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a. Imposibilidade sobrevinda de cumprir o fin proposto.
- b. Incumprimento grave acreditado por unha das partes das obrigacións establecidas neste convenio.
- c. Acordo expreso entre as partes.

A denuncia de calquera das causas de resolución por unha das partes comunicarase por escrito á outra parte cunha antelación mínima de dous meses á data na que se desexe o remate do convenio.

Décima. Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas partes que asinaron este convenio.

Décimo Primeira. Publicidade

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Ao mesmo tempo tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao amparo do artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Gobierno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo Segunda . Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte.



Décimo terceira . Natureza do convenio, xurisdición aplicable e lexislación aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa, e rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

Calquera controversia que xurda no desenvolvemento do presente convenio poderá ser resolta de común acordo pola Comisión de Seguimento a que refírese a cláusula sexta do convenio. No caso de non alcanzar o acordo desexado, elevarao aos órganos reitores de ambas as partes.

As cuestións litixiosas a que poida dar lugar a interpretación e cumprimento do presente convenio que non puidesen ser resoltas polas partes serán de coñecemento da Xurisdición Contencioso-Administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade ambas as partes asinan o presente convenio no lugar mencionado no seu encabezado e na data consignada na sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

O presidente da Real Federación Española de Piragüismo

Javier Hernanz Agüería



ANEXO: Desagregación do custo do Grupo de Alto rendemento de Piragüismo-Sprint canoa masculino

Equipo de Alto rendemento de Piragüismo-Sprint canoa masculino Galicia:

Integrado por 10 deportistas e un adestrador

Orzamento de gastos tempada 2025-2026 (período de 1/9/2025 ao 31/8/2026)

Gastos asociados ao adestramento e preparación deportiva		Estimación custo mes
Nómina e Seg. Social adestrador	51.480,00	4.290,00
Roupa (10 deportistas e un técnico)	5.752,21	
Manutención piso	6.050,50	504,21
Aluguer piso	10.200,00	850
Ergoxenia	2.850,00	237,5
Psicoloxía deportistas	759,22	63,27
Fisioterapia	4.814,24	401,19
Seguro médico IMQ	3.600,00	10 dep. 36 €/mes
Nutricionista	4.000	333,33
Combustible	2.645,00	220,42
Subministracións	1.200,00	100,00
Análise datos rendemento (Wimu)	15.000	1.250
Outros gastos	324,11	27,01
TOTAL	108.675,28	
Estimación custo por anualidades	2025	2026
	40.059,90	68.615,38